

Resolución do 13 de xaneiro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 19 de abril de 2023 (DOG núm. 86, do 5 de maio).

Na sesión que tivo lugar o día 13 de xaneiro de 2024 o tribunal nomeado pola Resolución do 18 de xullo de 2023 (DOG núm. 142, do 27 de xullo) acordou por unanimidade publicar os seguintes acordos:

Primeiro. Publicar, como Anexo I a esta Resolución, a listaxe de **cualificacións provisionais** das persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre convocadas á realización do **quinto exercicio**, recoñecemento médico, seguindo un criterio alfabético.

Segundo. Conforme ao establecido nas bases da convocatoria, as cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na páxina web da Agasp, e será concedido un prazo de cinco (5) días hábiles a efectos de alegacións, que se contarán a partir da publicación da resolución do tribunal pola que se publican as puntuacións do correspondente exercicio.

- a) As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal.
- b) Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal antes de que remate o prazo.

Tal e como establece a base 7.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo Tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Presidenta do Tribunal
Paula Cajaraville Leiro

